



Mocións aprobadas no Pleno do Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2010

3.2 08/MOC-0060 (37735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luísa
Sobre a aplicación do Plan galego de reactivación
industrial das comarcas mineiras das Pontes de García
Rodríguez e Cerceda.

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores/as das compañías auxiliares da minaría de carbón de todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner vinculada a ditos compromisos.

2.- Nos casos de incumprimentos, promover diante do Ministerio de Industria o correspondente expediente de devolución das axudas recibidas.

4.- Dar conta ao Parlamento galego do cumprimento destas recolocacións.

4 bis.- Que desde o Goberno autonómico se incrementen as liñas de axudas para as empresas que se instalen nas comarcas.

4 ter.- Que se axilice o funcionamento do Igape de maneira que se acurte ao máximo o proceso administrativo. E que no caso das empresas ás que lle corresponde algunha axuda, que

esta se faga efectiva antes de 30 días desde o momento da concesión”.

3.6 08/MOC-0064 (37774)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e Fernández Leiceaga,
Xoaquín María
Sobre as viaxes institucionais do Goberno galego.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a :

1.- Remitir ao Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano 2010, unha proposta que regule as viaxes institucionais ao exterior do presidente da Xunta de Galicia e dos membros do Goberno galego, e onde se teña en conta o seguinte contido:

a.- Separar claramente nas axendas, as viaxes institucionais de cargos públicos da Xunta de Galicia, a actividade institucional coa a actividade partidaria, para evitar deste xeito calquera confusión na utilización de fondos públicos.

b.- Regular a realización de viaxes oficiais ao exterior en exercicio do cargo institucional no ámbito da Xunta de Galicia nos 100 días previos á data estimada de celebración dun proceso electoral en Galicia, agás aqueles que veñan fixados pola asistencia a reunións de institucións da Unión Europea en representación da Comunidade Autónoma.

c.- Non se farán anuncios no exterior sobre compromisos que dependan dos cargos institucionais nos tres meses anteriores á data estimada de celebración dun proceso electoral.

d.- Prohíbese o contacto, sufragado con fondos da Administración Autonómica, cos residentes ausentes nos tres meses anteriores á data estimada de celebración dun proceso electoral. As viaxes que realicen ao exterior e os contactos que

manteñan cos residentes ausentes faranse en calidade de membros dun partido político, e deberán estar financiados pola súa formación política.

2.- Comprometerse a comparecer na Cámara lexislativa galega para dar conta das viaxes institucionais fóra do territorio do Estado, co obxecto de explicar os obxectivos, axenda e resultados da mesma, como mínimo unha vez por período de sesións.

3- Adoptar como regra xeral, e como principio de austeridade, a máxima redución nas comitivas oficiais da Xunta de Galicia nas viaxes institucionais ao exterior.

4.- Fomentar e impulsar a adopción dunha proposta de regulación das viaxes institucionais ao exterior por parte das catro deputacións e dos concellos galegos”.